



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Intervención nos problemas de comunicación e linguaxe en T.E.A e algunhas propostas informáticas par		Código	652498031	
Titulación	Mestrado Interuniversitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (plan 2015)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web	campusvirtual.udc.gal				
Descrición xeral	<p>Esta materia estruturase en dous bloques: Bloque I: Programas de intervención, impartido por Ana Guillén Ubico e Sergio Corede Bandrés (Universidad de Zaragoza) e Bloque II: Aplicacións informáticas, impartido por Javier Pereira Loureiro, Laura Nieto Riveiro e Betania Groba González (Universidade da Coruña).</p> <p>Nesta materia o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer e comprender os principios xerais da intervención coa poboación con trastornos do espectro do autismo (TEA), con especial referencia ao ámbito da comunicación e a linguaxe.</li> <li>- Coñecer e analizar criticamente os principais modelos teóricos que fundamentan as estratexias e/ou programas de intervención comunmente aplicados coas persoas con TEA.</li> <li>- Coñecer os obxectivos, estrutura e procedementos dos principais programas de intervención aplicados coas persoas con TEA.</li> <li>- Seleccionar, adaptar e implementar algúns dos procedementos e/ou programas máis representativos para o desenvolvemento da linguaxe e a comunicación nas persoas con TEA.</li> <li>- Deseñar, implementar e avaliar un programa de intervención adaptado ás necesidades de cada caso concreto.</li> <li>- Coñecer as posibilidades da intervención con persoas con TEA con programas informáticos que capaciten para a comunicación e creación de contidos de interese.</li> <li>- Desenvolver unha experiencia práctica co manexo de sistemas de comunicación dinámicos: acceso aos dispositivos ou programas, interruptores de control, emuladores de teclado, emuladores de rato, coleccións de sons e pictogramas con especial atención a ARASAAC.</li> </ul>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A4	Os estudantes coñecerán as características diferenciales da intervención na linguaxe e na comunicación nos ámbitos familiar, escolar, clínico e asistencial.
A5	Os alumnos/as saberán realizar unha intervención nos trastornos específicos da linguaxe oral, tales como as disartrias, alteracións da linguaxe no envellecemento e trastornos dexenerativos, as alteracións da linguaxe en enfermidades mentais, trastornos do espectro autista, etc.
A8	Os estudantes adquiriran un coñecemento práctico en intervención na área da linguaxe e comunicación.
B1	Os alumnos/as saberán acceder, seleccionar e xestionar as fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Serán capaces de comportarse con ética e responsabilidade social como cidadáns e como profesionais.
B3	Os estudantes poderán comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
B4	Os estudantes serán capaces de tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
C6	Os alumnos/as saberán utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ó longo da súa vida.
C7	Os alumnos/as entenderán a importancia da cultura emprendedora e coñecerán os medios ó alcance das persoas emprendedoras.



C8	Os estudantes valorarán a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
----	---

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as tecnoloxías de apoio relacionadas coa comunicación aumentativa e alternativa.	AP4 AP5 AP8		
Utilizar e aplicar dispositivos e programas informáticos específicos para a intervención con persoas con patoloxías da linguaxe.	AP4 AP5 AP8		
Coñecer os requisitos de comunicación das persoas e adaptar as tecnoloxías de apoio axeitadas para resolver as súas necesidades.	AP4 AP5 AP8		
Identificar as fontes de información de aplicacións gratuitas e comerciais para resolver posibles problemas de comunicación.	AP4 AP5 AP8	BP1 BP2 BP3 BP4	CP6 CP7 CP8
Coñecer e aplicar os principais modelos e técnicas de intervención coas persoas con TEA, con especial referencia ao ámbito da linguaxe e a comunicación.	AP4 AP5 AP8	BP1 BP2 BP3 BP4	CP6 CP7 CP8
Deseñar, implementar e avaliar intervencións na área da linguaxe e a comunicación con persoas con TEA nos ámbitos familiar, escolar e clínico, e en colaboración co resto do equipo profesional.		BP2 BP3 BP4	CP6 CP7

Contidos	
Temas	Subtemas
Bloque I. Programas de intervención (Ana Guillén y Sergio Cored). Universidad de Zaragoza	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Principios xerais de intervención en TEA.</li> <li>2. Principais modelos de intervención: enfoques conductuais, evolutivos e sociopragmáticos.</li> <li>3. Programas globais de intervención (ABA, TEACCH, SCERTS). Fundamentos, procedementos e avaliación de resultados.</li> <li>4. Procedementos específicos de intervención: intervención en habilidades pragmáticas e mentalistas e xogo simbólico.</li> <li>5. Determinación do perfil lingüístico e comunicativo individualizado e selección de estratexias de intervención adecuadas.</li> </ol>
Bloque II. Aplicacións Informáticas. (Javier Pereira, Betania Groba y Laura Nieto). Universidade da Coruña	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Introducción aos produtos de apoio e aos SAAC.</li> <li>2. Aproximación aos Trastornos do Espectro do Autismo e as TIC.</li> <li>3. Solucións tecnolóxicas baseadas no uso de apoios visuais e pictogramas.</li> <li>4. Aplicacións tecnolóxicas para apoiar a vida diaria de persoas con TEA.</li> <li>5. Animacións, Historias e Xogos: Scratch e MakeyMakey.</li> </ol>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A8 B2 B4 C6 C8	6	12	18



Lecturas	A4 A5 A8 B1 B3 B2 C7	1	7	8
Portafolios do alumno	A4 A8 B1 B3 B2 B4 C6 C7 C8	0	14	14
Prácticas a través de TIC	C6	11	10	21
Discusión dirixida	A8 B1 B3 B2 B4 C8	3	8	11
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Esquema xeral dunha sesión de tres horas tipo:</p> <p>Sección teórica (hora e media):</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Presentación de 30 mins. por parte do profesor/a,</li> <li>2.- Lectura comentada dun texto seleccionado (30 mins),</li> <li>3.- Contestación individual a un cuestionario.</li> </ol> <p>Sección práctica (hora e media):</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Presentación de 30 mins. a cargo do profesor/a,</li> <li>2.- Cuestionario en grupo sobre a presentación (30 minutos),</li> <li>3.- Exposición e discusión sobre as respostas de cada grupo.</li> </ol> <p>No caso da sesión maxistral o profesorado presentará os contidos do tema apoiándose nunha presentación power point. A sesión maxistral utilizarase tanto para a introdución teórica do tema como para a presentación dos casos ou as prácticas que estean planificadas. Cada materia desenvólvese en sesións de tres horas, polo que a sesión maxistral pode abarcar ao redor dunha hora por sesión: media hora para a introdución teórica e media hora para a presentación das prácticas. O profesorado poderá variar esta distribución compensándoa sempre co resto das metodoloxías para non aumentar a carga ECTS da materia</p>
Lecturas	Cada sesión de clase de tres horas contén un tempo dedicado á lectura comentada dun texto relacionado coa exposición do profesor. A duración prevista será duns 30 minutos por sesión de tres horas.
Portafolios do alumno	En cada sesión de clase o estudante deberá contestar a un cuestionario individual sobre a lectura realizada, e un en grupo relacionado cos casos analizados ou as prácticas realizadas. Estes cuestionarios, ademais das presentacións power point correspondentes a cada clase deberá ser incluído no seu portafolios. Nel recollerán igualmente cantos comentarios, reflexións ou actividades realícense durante o curso.
Prácticas a través de TIC	Desenvolvemento de contidos multimedia para intervencións con persoas con TEA empregando ferramentas vistas na clase.
Discusión dirixida	A discusión dirixida forma parte da sección práctica de cada sesión de tres horas. Logo de que os estudantes contestasen por grupos ás preguntas do cuestionario que acompaña á presentación do profesor, cada grupo expoñerá as súas respostas ao conxunto da clase, comezando unha quenda de intervencións ao respecto. A discusión pecharase coas conclusións do profesor/a

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	A través do Campus Virtual cada estudante deberá acceder ás prácticas propostas e entregalas telemáticamente a través da plataforma nos prazos especificados.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Portafolios do alumno	A4 A8 B1 B3 B2 B4 C6 C7 C8	Bloque I. Entrega do portafolio no que se recollen traballos breves que poden consistir en: elaboración e presentación de casos prácticos, recensións e comentarios de lecturas, procura e confección de fichas sobre programas de intervención ou presentación de artigos de investigación pertinentes.	50
Prácticas a través de TIC	C6	Bloque II. A realización das prácticas e a súa superación supoñerá ata 5 puntos na nota final.	50

### Observacións avaliación

O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honor (Graciable).

Para superar a materia é preciso obter un aprobado en cada un dos dous bloques en que se divide a materia. A nota final será a media das dúas partes.

En caso de non superar a materia na primeira oportunidade, deberánse entregar os mesmos traballos na segunda oportunidade contactando previamente co profesorado para valorar a situación particular.

O docente responsable da materia aplicará a correspondente normativa da UDC ante a detección de calquera tentativa de plaxio motivada por un/unha estudante da materia no desenvolvemento dos seus traballos. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara á convocatoria extraordinaria.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

Alcantud Martín, F. (Coord.) Trastornos del Espectro Autista: detección diagnóstico e intervención temprana. Madrid: Pirámide. Baron Cohen, S. (2010). Autismo y Síndrome de Asperger. Madrid: Alianza. Gortázar Díaz, P. (2007). Intervención comunicativa en casos con autismo: estado de la cuestión. Presentación de un caso clínico. En: F. Alcantud (coord.). Intervención psicoeducativa en niños con Trastornos Generalizados del Desarrollo. Madrid: Pirámide. 181-195. Frith, U. (1999). Autismo: hacia una explicación del enigma. Madrid: Alianza. Martínez, M.A. y Cuesta, J.L. (comps.) Todo sobre el autismo. Tarragona: Altaria. Frontera Saracho, M. (2012). Intervención: principios y programas psicoeducativos. En: M.A. Martínez Martín & J. L. Cuesta Gómez (eds.) Todo sobre el autismo. Tarragona: Altaria. 223-260. González Carbajal, A. (2002). Intervención comunicativa en autismo de alto funcionamiento y Síndrome de Asperger. En: J. Martos & M. Pérez Juliá (coords.). Autismo: un enfoque orientado a la formación en logopedia. Valencia: Nau Llibres. 85-106. Martos, J. & Pérez Juliá, M. (2002). Autismo: un enfoque orientado a la intervención en logopedia. Valencia: Nau Llibres. Monfort, M.; Juárez, A. & Monfort, I (2004). Niños con trastornos pragmáticos del lenguaje y de la comunicación. Descripción e intervención. Madrid: Entha. 95-133. Monsalve, C. (2002). Comunicación y lenguaje en autismo: claves para el buen trabajo de un logopeda. En: J. Martos & M. Pérez Juliá (coords.). Autismo: un enfoque orientado a la formación en logopedia. Valencia: Nau Llibres. 65-83. Montiel, C. (2016). El modelo SCERTS. Enfoque transaccional centrado en la familia para mejorar las habilidades comunicativas y socioemocionales de niños con trastornos del espectro autista. En: D. Valdez (Comp.) Autismos. Estrategias de intervención entre lo clínico y lo educativo. Pp. 43-57. Rivière, A. y Martos, J. (1997). El Tratamiento del Autismo. Nuevas Perspectivas. Madrid: APNA y Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Rivière, A. (2001). Autismo: orientaciones para la intervención educativa. Madrid: Trotta. Salvadó-Salvadó, B; Palau-Baduell, M.; Clófent Torrentó, M.; Montero Camacho, M Hernández Latorre, M. (2012). Modelos de intervención global en personas con trastornos del espectro autista. Rev. Neurol, 54(1), 63- 71. Tamarit J. (2010). Buenas prácticas profesionales en la intervención en personas con TEA. XV Congreso Nacional Profesionales del Autismo. Zaragoza, España. Valdez, D. (comp., 2005). Evaluar e intervenir en autismo. Madrid: Machado. Valdez, D. (2016). El modelo Denver de intervención temprana. Abordaje desde el desarrollo y los contextos interpersonales. En: D. Valdez (Comp.) Autismos. Estrategias de intervención entre lo clínico y lo educativo. Pp. 33-42.



<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Bishop, D. &amp; Leonard L. B., Ed. (2001). Speech and language impairments in children. Causes characteristics, intervention and outcome. Hove, UK, Psychology Press.</p> <p>Gerber, S. (2003). A developmental perspective on language assessment and intervention for children on the autism spectrum. Topics in language disorders, 23, 72-95.</p> <p>Happe, F. (2006). Introducción al autismo. Madrid: Alianza.</p> <p>Howlin, P., Barón Cohen, S. &amp; Hadwin, J. (2006). Enseñar a los niños autistas a comprender a los demás. Guía práctica para educadores. Barcelona: CEAC.</p> <p>Lovaas, O.I. (2002). Teaching individuals with developmental delays. Basic intervention techniques. Austin: TX: PRO-ED.</p> <p>Monfort, M. Monfort, I. (2001). En la mente. Un soporte para el entrenamiento de habilidades pragmáticas en niños. Madrid: Entha.</p> <p>Prizant, B., Wetherby, A; Rydell, P. (2000). Communication intervention issues for children with ASD. En: A. Wetherby; B. Prizant (eds.) Autism spectrum disorders: a transactional developmental perspective. Baltimore: Paul Brookes.</p> <p>Rice M &amp; Warren, SF (eds. 2004). Developmental language disorders: from phenotypes to etiologies. Mahwah, NJ: Erlbaum; 2004.</p> <p>Rivière, A. &amp; Martos, J. (2000). El niño pequeño con autismo. Madrid: APNA</p> <p>Rondal, J.A., Seron, X. (1991). Trastornos del lenguaje 1, 2 y 3. Barcelona: Paidós</p> <p>Russel, J. (1999). El autismo como trastorno de la función ejecutiva. Madrid: panamericana</p> <p>Schwartz, R.G. (2009). Handbook of child language disorders. New York: Psychology press.</p> <p>Sussman, F. (2001). More than words. Helping parents and professionals promote communication and social skills in children with ASD. The Hanen Centre. National Library of Canada.</p> <p>Sussman, F. (2006). Talk ability: People skills for verbal children on the autism spectrum. The Hanen Centre. National Library of Canada</p>
------------------------------------	---

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións

Todos os traballos do Bloque II serán entregados a través do Campus Virtual, en formato dixital, sen necesidade de imprimilos, contribuíndo deste modo a unha educación baseada nun modelo sostible. Para o desenvolvemento do Bloque II é preciso asistir a clase cun ordenador portátil.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías